

ORDENANZA FISCAL N°17

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Artigo 1º.- Fundamento legal

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación cos artigos 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello de Val do Dubra establece a taxa por utilización do polideportivo municipal, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización do polideportivo municipal.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Artigo 4º.- Exencións, reducións e bonificacións

Estarán exentos do pago desta taxa as utilizacións das instalacións deportivas que se realicen polos seguintes motivos:

- a) Para imparti-las clases de educación física, polos colexios ou centros docentes existentes neste municipio.
- b) Para a celebración de campionatos escolares, ou outras probas onde participen mozos escolarizados no municipio.
- c) Para actividades deportivas ou culturais organizadas polo Concello.
- d) Para actividades propias das escolas deportivas así recoñecidas polo Concello.

Poderán outorgarse bonificacións sobre o importe das tarifas ou eximir totalmente do pago cando se traten de actividades de interese público. O dito interese será obxecto de previo acordo pola Comisión de Goberno e solicitarse mediante escrito dirixido ó señor alcalde cunha antelación mínima de dez días á celebración da actividade.

Artigo 6º.- Cota tributaria

A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa. Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

Conceptos.- Importe

Epígrafe 1º.- Actividades deportivas

- a) Adestramentos e utilización por particulares veciños do Concello, por hora: 6,00 euros.
- b) Adestramentos e utilización por particulares que non sexan veciños do Concello, por hora: 9,00 euros.
- c) Competicións sen entrada libre, por hora: 18,00 euros.
- d) Adestramentos de clubs federados do Concello, por hora, excepto a xornada gratuíta a que teñan dereito por lei: 6,00 euros.
- e) Adestramentos de clubs federados que non sexan do Concello, por hora: 9,00 euros.

Epígrafe 2º.- Espectáculos deportivos especiais e culturais alleos ó Concello

- a) Con entrada libre, por hora: 18,00 euros.
- b) Sen entrada libre, por hora: 30,00 euros.

Epígrafe 3º.- Actividades non deportivas

De calquera tipo, por día: 300,00 euros.

Epígrafe 4º.- Utilización da sauna

Bono individual con dereito a 10 entradas, residentes non municipio: 22 euros.

Bono individual con dereito a 10 entradas, non residentes no municipio: 44 euros.

Artigo 7º.- Devengo e período impositivo

O devengo da presente taxa terá lugar no momento en que se presente a solicitude de utilización que constitúe o feito imponible da taxa.

Artigo 8º.- Ingreso

Os suxeitos pasivos deberán aboa-las tarifas na Tesourería da Corporación ó obter-la correspondente autorización de uso, xustificando tal extremo cando accedan ó polideportivo.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenrolen.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal derroga a Ordenanza fiscal número 17, reguladora da taxa por utilización do polideportivo municipal, aprobada polo Pleno de data 11 de novembro de 1998. Entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse no momento da súa publicación definitiva, conforme o disposto na disposición adicional 1.^a da LHL, que modifica o artigo 107.1 da LRBRL, e o artigo 111 da LRBRL.

Val do Dubra, 10 de xuño de 2002.

O alcalde, Juan Manuel Baleato Iglesias.